

Data: 17/10/2012

Indra Sistemas, S.A. (INDRA)

Carretera de los Baños de Arteixo 47 - Polg. de la Grela, Camino Monte Patelo
15008 A Coruña

ASUNTO: *Notificación de resolución da mesa de contratación do Concurso para o desenvolvemento das melloras funcionais requiridas no Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00*

Expediente: PA01/2012

Pola presente se lle notifica que o órgano de contratación do Consorcio para o Desenvolvemento de Sistemas para Xestión Universitaria (CIXUG) ven de acordar a adxudicación do contrato do asunto a súa empresa *Indra Sistemas, S.A.* despois da avaliación feita pola mesa de contratación das ofertas presentadas e dos correspondentes trámites administrativos segundo o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o propio prego de prescricións administrativas do referido concurso, por considerarse a máis vantaxosa segundo os criterios de valoración fixados no prego de cláusulas administrativas do referido concurso.

Lembrándolle que a partir da presente notificación de resolución, segundo se detalla nos apartados 13.B, 13.C e 13.D do prego de prescricións administrativas e o apartado 20 do Anexo II do prego de prescricións administrativas, ten 10 (dez) días hábiles a contar dende a data de recepción da presente notificación para presentar a documentación requirida para proceder á formalización do correspondente contrato.

Por último, tal e como se detalla no apartado 13.C do referido prego de prescricións administrativas, de non presentar a documentación sinalada en forma e prazo, a súa empresa quedará excluída e o CIXUG poderá efectuar unha nova adxudicación de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, con incautación da garantía definitiva depositada no caso de se esixir a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 103 do citado TRLCSP.



Asdo. D. Salutiano Mato de la Iglesia

Presidente do CIXUG